



ANUNCIO DE CONVOCATORIA DIRIXIDA AOS CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA QUE IMPARTAN ENSINANZAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E CENTROS DE EDUCACIÓN ESPECIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA PARTICIPAR NO PROXECTO EDUCATIVO DEPOEMPRENDE NA ESCOLA 2017-2018

A **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, como órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, aprobou no ano 2010 o Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia, Eduemprende, que ten como obxectivo estratéxico a implantación, na comunidade educativa, dunha cultura emprendedora co fin de mellorar a competitividade das nosas empresas e a empregabilidade do alumnado galego. Así, no Decreto 105/2014, de 4 de setembro, establécese o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no seu artigo 11 faise referencia ao emprendemento como elemento transversal que se traballará en todas as materias.

A **Deputación de Pontevedra**, dentro da liña de promoción do emprendemento que está a impulsar en diferentes áreas, apoia o desenvolvemento de proxectos que contribúan ao estímulo da cultura emprendedora no sistema educativo e conta con persoal cualificado e recursos materiais para integrar novas actividades na programación dos centros educativos.

Por isto, propónse realizar unha convocatoria dirixida aos centros educativos públicos de educación primaria e de educación especial da provincia de Pontevedra para que participen no proxecto "DepoEmprende na escola" 2017-2018, que consiste nun programa educativo que pretende promover a adquisición da competencia emprendedora utilizando unha metodoloxía na que o alumnado é o protagonista e centro da súa propia aprendizaxe, cun traballo desde a práctica, a través da creación e xestión dunha cooperativa escolar nas aulas que fabrique produtos que se venderán unha vez ao ano, nun mercado ou feira da súa localidade.

Esta convocatoria rexeráse polas seguintes **BASES**:

Primeira. Obxecto

Estas Bases teñen por obxecto convocar os colexios públicos de educación primaria e de educación especial da provincia de Pontevedra para participaren no proxecto "DepoEmprende na escola" 2017-2018.

Soamente poderá crearse unha cooperativa por centro educativo.



No caso dos centros de educación primaria poderán elixir presentar como participantes do proxecto os alumnos de 5.º ou de 6.º curso.

Achégase un documento cunha descrición máis detallada do programa (anexo III).

Segunda. Beneficiarios

Centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia que impartan ensinanzas de educación primaria e centros de educación especial da provincia de Pontevedra.

Terceira. Presentación de solicitudes

1.º) Será necesario presentar unha solicitude por escrito na que se fará constar o interese do centro en participar na convocatoria e que se entregará no Rexistro xeral da institución provincial (de luns a venres de 8:30 a 14:30 h e de 17:00 a 19:00 h) ou no da súa sede de Vigo (de luns a venres de 9:00 a 14:00 h), ou ben nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ademais **deberase enviar un correo electrónico** no que se achegue a solicitude selada e os demais anexos (debe constar o selo do rexistro no que se presente, coa indicación do lugar, a data e a hora), ao enderezo electrónico promociondoemprego@depo.es; de non se realizar deste xeito, a solicitude eliminarase automaticamente do proceso.

2.º) A solicitude deberá incluír os seguintes datos:

2.1. Obxecto da convocatoria: solicitude de participación no proxecto "DepoEmprende na escola" para o curso escolar 2017-2018

2.2. Datos do centro educativo:

2.1. CIF

2.2. Nome, correo-e e número de teléfono da ou do representante legal

2.3. Identificación da ou do profesional do centro educativo que actuará como persoa de contacto, achegando o seu correo-e e número de teléfono

2.4. Orde de preferencia dos cursos nos que se solicita realizar o proxecto: 5.º ou 6.º no caso de educación primaria, ou sinalar que é un centro de educación especial

2.5. Número de alumnos do curso para o cal se selecciona o proxecto

2.6. Participación, ou non, en convocatorias anteriores do proxecto

2.7. Compromiso do número de docentes que se implicarán no proxecto

2.8. Aceptación e cumprimento dos criterios de selección



3.º) Presentar o anexo II cuberto (experiencia do centro educativo en proxectos baseados nunha metodoloxía de aprendizaxe cooperativa e/ou en proxectos de impulso da cultura emprendedora/ experiencia do centro en actividades de innovación educativa/implicación do persoal docente).

4.º) O modelo oficial de solicitude e os anexos poderanse descargar desde a páxina web www.depo.es.

Cuarta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e ata o día 15 de xullo de 2017.

Quinta. Proceso de selección

Establécense os seguintes criterios do baremo (anexo I).

A nota final obterase da suma das puntuacións dos seguintes apartados (máximo 15 puntos):

1. **Experiencia previa do centro e do persoal docente participante en proxectos baseados nunha metodoloxía de aprendizaxe cooperativa e/ou en proxectos de impulso da cultura emprendedora: máximo 5 puntos (1 punto por proxecto)**
2. **Participación do centro en actividades de innovación educativa: máximo 2 puntos (1 punto por actividade)**
3. **Número de docentes participantes: máximo 3 puntos (1 punto, dous docentes ou menos; 3 puntos, máis de dous docentes)**
4. **Compromiso de destinar a unha ONG máis do 25 % do beneficio obtido pola venda dos produtos creados na cooperativa: máximo 3 puntos (1 punto se se destina un 0-10 %; 2 puntos se se destina un 11-20 %; 3 puntos se se destina un 21-30 %)**
5. **Se o colexio participou en anos anteriores 2 puntos, e se é o primeiro ano, 1 punto**

Os centros seleccionaranse atendendo á súa puntuación, de maior a menor, e en ningún caso o número de centros seleccionados poderá superar os 20 en toda a provincia de Pontevedra ou 600 alumnos como número total do alumnado.

En caso de empate na puntuación, o desempate resolverase atendendo á puntuación obtida nos criterios arriba seleccionados e por esa orde de preferencia, é dicir, a maior puntuación no apartado primeiro (experiencia en proxectos baseados nunha metodoloxía de aprendizaxe cooperativa e/ou proxectos de impulso da cultura emprendedora) terá preferencia sobre os seguintes apartados, e así de forma sucesiva.



Sexta. Resolución e emendas

Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, a Deputación ditará unha resolución na que declarará aprobada a lista de colexios seleccionados. Este documento publicarase en www.depo.es.

O prazo para presentar alegacións é de cinco días naturais; transcorrido este tempo publicarase a lista definitiva dos centros seleccionados nos medios sinalados anteriormente.

Calquera dúbida ou cuestión poderá dirixirse ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra, a través do teléfono 986 804 100 (extensión 40859) ou do enderezo electrónico promociondoemprego@depo.es.

Sétima. Convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Existe un convenio asinado coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria co fin de proceder ao recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado.

Oitava. Comisión de selección e seguimento

Formarase unha Comisión de selección e seguimento á que lle corresponderá avaliar as solicitudes presentadas de acordo cos criterios establecidos na convocatoria, así como resolver as dúbidas e as incidencias que se produzan no seu desenvolvemento, tal e como se establece no convenio firmado coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- Dúas persoas representantes da Deputación de Pontevedra

Novena. Accións formativas para o profesorado

Impartirase un curso presencial de 20 horas como máximo, cun mínimo de 4 horas por sesión, para o profesorado encargado de levar a cabo este proxecto.

Pontevedra 15 de maio de 2017

O Xefe do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local.